

CONSEJO SUPERIOR DE LOS COLEGIOS DE ARQUITECTOS DE ESPAÑA



SALIDA

01.03.18 000378

CONSEJO SUPERIOR DE LOS
COLEGIOS DE ARQUITECTOS

Madrid, 1 de marzo de 2018

Benquerido compañeiro, benquerida compañeira:

Hai algunas semanas deu comezo o meu mandato como Presidente do CSCAE, acompañado neste emocionante proxecto polo Secretario Xeral, Laureano Matas; os Vicepresidentes, Marta Vall-Llossera e Antonio Maroño, e a Tesoureira, Matxalen Acasuso, tamén elixidos o pasado mes.

En nome do Equipo de Goberno e no meu propio, gustaríame agradecer a oportunidade que se nos concedeu e que recibimos con ilusión, pero conscientes tamén da responsabilidade que asumimos ao afrontar o reto de traballar pola restitución colectiva dos arquitectos ante a sociedade e o impulso da Arquitectura como cuestión de interese xeral. Resulta obrigado trasladar o meu compromiso con todos os arquitectos españoles, coa Arquitectura e co conxunto da sociedade, e manifestar a miña vontade de apoiar e defender aos arquitectos e mellorar as condicións nas que exercemos a nosa profesión.

Son moi consciente de que a dureza da crise económica, que golpeou severamente á profesión deixándonos nun escenario moi adverso con poucas oportunidades, reduciu tamén a capacidade de apoio dos Colexios e o Consello Superior, que en ocasións non puideron ofrecer os servizos e o soporte que a profesión precisaba. Agora, unha vez resistido o golpe inicial, emprendemos unha nova etapa na que os arquitectos temos a oportunidade de recoller as demandas e os retos da sociedade e liderar o camiño ofrecendo solucións eficaces. Ao urxente dereito a unha vivenda digna e axeitada súmase o dereito á cidade e á súa acción social e de reequilibrio. A urgencia de combater o cambio climático, a pobreza enerxética, a sostibilidade en todos os aspectos e a resiliencia xa non son opcións de futuro, senón necesidades do presente. A incorporación das novas tecnoloxías brinda oportunidades que poden mellorar a nosa calidade de vida, engadindo eficiencia e competitividade. E a saúde tamén se converte gradualmente na referencia que motiva e cualifica moitas das nosas decisións, especialmente as decisións a longo prazo.

As necesidades e retos anteriormente descritos precisan, inevitablemente, a mellora das nosas vivendas, edificios, espazos públicos, cidades e pobos. E é neste escenario onde a Arquitectura e o Urbanismo atopan a súa oportunidade, ao contar cos profesionais más capacitados para definir e transformar estas realidades, abordando o reto con responsabilidade, preparación e diversificación, de forma concertada, e ofrecendo á sociedade un proxecto colectivo de futuro.

Aproveitar estas oportunidades require un instrumento de liderado compartido, coordinado polo Pleno de Conselleiros do CSCAE e os Colexios de Arquitectos, sempre orientados ao servizo da profesión e a Arquitectura. Neste sentido, convencido da necesidade de que o traballo que desenvolva o CSCAE durante os vindeiros catro anos sexa útil á profesión e á Arquitectura, recibe un cordial saúdo e a expresión do meu firme compromiso neste empeño.

Lluís Comerón Graupera
Presidente